GRAO MEDIO DE VELA CON APARELLO FIXO E LIBRE
CURSO INICIAL

Atendendo ao DECRETO 135/2012, do 31 de maio, polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre.

Competencias curso inicial do ciclo de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre

1. Teremos a seguinte **competencia xeral**

Dinamizar, instruír e concretar a iniciación deportiva da vela; gobernar embarcacións de recreo de ata oito metros; organizar, acompañar e tutelar os/as deportistas durante a súa participación en actividades, competicións e eventos propios deste nivel, utilizando embarcacións con aparello fixo e libre; conforme as directrices establecidas na programación de referencia, respectando o medio natural, en condicións de seguridade e cunha calidade que permita a satisfacción dos/as deportistas na actividade.

2. **Competencias profesionais, persoais e sociais**:

a) Dominar as técnicas básicas da navegación deportiva a vela con aparello fixo e libre co nivel suficiente para o desenvolvemento das tarefas propias da iniciación deportiva en condicións de vento ata 10 nós.
b) Atender o/a deportista informando das características da navegación deportiva a vela, solicitando información sobre as súas motivacións e intereses e motivándoo/a cara á práctica da vela.
c) Valorar as habilidades e destrezas específicas dos/as deportistas co obxecto de determinar o seu nivel e tomar as medidas de corrección axeitadas.
d) Concretar a sesión de ensino, aprendizaxe para a iniciación á navegación deportiva a vela de acordo coa programación de referencia e as condicións da área de navegación, adecuándose ao grupo e ás condicións ambientais e materiais existentes, tendo en conta a transmisión de valores de práctica saudable e o respecto e coidado do propio corpo e do medio natural.
e) Dirixir a sesión de ensino-aprendizaxe de iniciación á navegación deportiva a vela, solucionando as continxencias existentes, para conseguir unha participación e rendemento conforme os obxectivos propostos e dentro das normas medio e as marxes de seguridade requiridas.
f) Preparar, transportar, almacenar e reparar os materiais náuticos e embarcacións para a práctica no nivel de iniciación á navegación deportiva a vela, garantindo a súa dispoñibilidade e seguridade e respectando a normativa ambiental.
g) Controlar a seguridade da actividade no nivel de iniciación á navegación deportiva a vela, supervisando as áreas de navegación, as condicións do contorno, os materiais

náuticos e as embarcacións utilizadas e intervindo mediante a axuda ao rescate nas situacións de risco detectadas, aplicando os protocolos de evacuación establecidos.
h) Asistir como primeiro/a interveniente no caso de accidente ou situación de emerxencia.
i) Seleccionar os/as deportistas en función do seu nivel e características, comprobando que se adaptan ás exixencias da navegación e da competición do nivel de iniciación á navegación deportiva a vela, respectando os obxectivos propostos e as normas de seguridade.
j) Acompañar os/ás deportistas nas competicións e noutras actividades do nivel de iniciación para proporcionar unha experiencia motivadora e segura.
k) Dirixir tecnicamente os/as deportistas en competicións do nivel de iniciación á navegación deportiva a vela dentro dos valores éticos vinculados ao xogo limpo e ao respecto aos demais, reforzando a súa responsabilidade e esforzo persoal.
l) Colaborar e intervir na organización e xestión de competicións e eventos propios da iniciación á navegación deportiva a vela, co obxecto de captar, adherir e fidelizar o/a deportista na práctica da vela.
m) Valorar o desenvolvemento da sesión, recollendo e procesando a información necesaria para a elaboración de xuízos que permitan o axuste e a mellora permanente do proceso de ensino-aprendizaxe e das actividades propias da iniciación á vela.
n) Transmitir a través do comportamento ético-persoal valores vinculados ao xogo limpo, ao respecto aos demais e ao respecto e coidado do propio corpo e do medio natural.
o) Manter o espírito de responsabilidade individual, esforzo persoal e innovación no ámbito do seu labor como persoal técnico deportivo.
p) Manter a iniciativa e autonomía dentro do traballo en equipo para o desempeño das súas funcións.
q) Gobernar embarcacións de recreo de ata 8 metros de eslora e potencia de motor adecuada a ela para navegacións realizadas ata 5 millas lonxe dun abrigo.

Obxectivos xerias do curso inicial do ciclo de grao medio de vela con aparello fixo e libre

a) Executar técnicas básicas propias deste nivel, coa seguridade suficiente e tomando co nciencia do realizado, para servir de modelo no proceso de ensino-aprendizaxe da iniciación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre, en condicións de vento ata 10 nós.
b) Establecer e transmitir a información sobre a actividade e recoller a información sobre os/as participantes, analizando as características da información e aplicando procedementos establecidos, para atender e motivar o/a deportista.
c) Analizar a execución técnica no nivel de iniciación, utilizando procedementos establecidos e comparando a execución técnica cos estándares propios da iniciación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre para valorar a execución dos/as deportistas e determinar o seu nivel.
d) Interpretar e adaptar a programación de referencia e a organización da sesión, utilizando criterios de elección e temporalización das tarefas, discriminando a

información sobre as características do grupo, as condicións da área de navegación, as condicións ambientais e materiais existentes todo iso dentro da transmisión de valores de práctica saudable e respecto do medio natural, para concretar a sesión de ensino-aprendizaxe da iniciación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre.

e) Elixir e demostrar as técnicas de dirección e procedementos de control das continxencias, aplicando instrumentos de observación e control e resolvendo supostos, para dinamizar sesións de ensino-aprendizaxe de iniciación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre.

f) Seleccionar, comprobar, almacenar e axustar os materiais náuticos e embarcacións propias da iniciación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre, aplicando os procedementos establecidos, operando cos instrumentos de reparación e mantemento, para facilitar a dispoñibilidade e a axeitada utilización dos medios necesarios.

g) Identificar e describir as variables que interveñen no desenvolvemento da iniciación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre, aplicando os procedementos establecidos e clasificando a información obtida, para valorar o desenvolvemento da sesión de iniciación e axustar o proceso de ensino-aprendizaxe.

h) Identificar as condicións de seguridade das instalacións, as áreas de navegación e medios propios da iniciación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre, aplicando procedementos establecidos e a normativa vixente, para controlar a seguridade na práctica.

i) Elixir e demostrar as técnicas de axuda e rescate de embarcacións e persoas, aplicando os procedementos establecidos, para intervir en situacións de risco.

j) Describir, preparar e executar os primeiros auxilios, identificando as características dos supostos e aplicando os protocolos establecidos, para asistir como primeiro/a interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.

k) Identificar as características das competicións e eventos propios da iniciación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre, analizando o regulamento e as bases de competición propias deste nivel, para seleccionar os/as deportistas en función do seu nivel e características.

l) Identificar e describir os procesos de inscrición e acompañamento de deportistas, así como os aspectos técnicos da competición na iniciación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre, analizando supostos, aplicando os procedementos establecidos e tendo en conta o regulamento, para acompañar e dirixir os/as deportistas en competicións de nivel de iniciación.

m) Identificar e describir as características organizativas das competicións e eventos propios da iniciación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre, enumerando os medios materiais e humanos necesarios, para colaborar e intervir na organización e xestión deste tipo de eventos.

n) Identificar e describir as características do proceso de adquisición de valores e actitudes, sendo consciente e argumentando os efectos que provocan nos/as deportistas, para transmitir valores propios da navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre a través do comportamento ético-persoal.

o) Recoñecer e promover os valores de compromiso, traballo ben feito e aprendizaxe constante, describindo as actitudes que reflicten estes valores, para manter o espírito de responsabilidade individual, esforzo persoal e innovación no desempeño do seu labor como persoal técnico.
p) Identificar e describir os principios que fundamentan o traballo en equipo, sendo consciente da importancia do liderado e a comunicación, para manter a iniciativa e autonomía dentro do grupo de traballo.
q) Identificar e describir as características básicas das principais discapacidades, seguindo os procedementos de actuación establecidos e fixando as condicións básicas derelación e comunicación, para facilitar a integración e normalización das persoas con discapacidade.
r) Aplicar e demostrar técnicas de control de embarcacións de motor, interpretando o convenio internacional para a prevención de abordaxes, describindo a preparación e o mantemento das embarcacións de motor, para gobernar as embarcacións de recreo de ata 8 metros de eslora e potencia de motor adecuada a ela para navegacións realizadas ata 5 millas afastadas dun abrigo.

Temporalización do curso inicial do ciclo de grao medio de vela con aparello fixo e libre

Ten unha **duración de 500 horas**. Coa seguinte distribución:

Ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e libre

	Carga horaria	
RAE-VEVE101: Proba de carácter específico para o acceso ás ensinanzas de ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre	220 h	
	Carga horaria	
Bloque común	Teóricas	Prácticas
MED-C101: Bases do comportamento deportivo	15 h	5 h
MED-C102: Primeiros auxilios	20 h	10 h
MED-C103: Actividade física adaptada e discapacidade	5 h	--
MED-C104: Organización deportiva	5 h	--
Total	60 h	
Bloque específico	Teóricas	Prácticas
MED-VEVE102: Formación técnica	15 h	--
MED-VEVE103: Seguridade da navegación e conservación dos materiais	--	30 h
MED-VEVE104: Metodoloxía da vela e iniciación á competición	25 h	--
MED-VEVE105: Formación práctica	150 h	
Total	220 h	
Total ciclo inicial (RAE-VEVE101+BC+BE)	500 h	

Esta programación atende específicamente ao artigo 5.4 da orde do 22 de xullo do 2021 pola que se desenvolven determinados aspectos da ordenación académica na modalidades deportivas de ensinanzas de réxime especial implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Módulos do bloque específico con docencia

1. Med-veve 102 Formación técnica

A. Identificación do módulo

Med-veve 102 Formación técnica , duración e tipo de sesión: (15 h. teóricas).

A.1.- Obxectivo xeral: D.
A.2.-Competencias: a, c.

B. Concreción do currículo en relación coas características do alumnado e as posibilidades formativas do entorno.

O alumnado será capaz de coñecer os fundamentos básicos da navegación a vela e interpretar e analizar as características medioambientais da zona de navegación. No entorno das rías baixas, onde a zona de navegación é o fondo dunha da ría de Arousa na contorna do porto de Vilagarcía, onde a influencia da desembocadura do río Umia a navegación portuaria, a acuicultura matizan a navegación.

C. Relación de unidades didácticas

UD1. Fundamentos de navegación (7h.)

RA Fundamentar a navegación a vela, describindo os principios básicos da navegación, relacionándoa cos sitemas vento-vela-casco-auga.

UD2. A meteoroloxía na área de navegación (8h.)

RA Interpretar as condicións da área de navegación a vela, caracterizando os sinais naturais e analizando as características hidrográficas dos diferentes tipos de medios acuáticos navegables, e interpretando a información das cartas náuticas e mapas meteorolóxicos.

UD	Sesións por unidades horarias	Procedemento e porcentaxe na avaliación	Criterio Avaliación mínimo
Fundamentos de navegación	7	Exame final ou Traballo 50%	Ca 1.4, Ca 1.5. e Ca 1.6
A meteoroloxía na área de navegación	8	Exame final ou Traballo 50%	Ca 2.5, Ca 2.8 e Ca 2.10
A avasliación contínua mantense con un máximo 20% de ausencia no horario do módulo, de			

faltas non xustificadas.

D. Metodoloxía

Sesións maxistrais con aplicación práctica e resolución de tareas propostas na aula. Traballo a partir do material proporcionado na aula.

E. Espacios docentes e recursos

No Centro Galego de Vela (é parte do Centro Galego de Tecnificación), coa dirección: Rampa Cavadelo, s/n. Vilagarcía de Arousa, 36.600. Pontevedra. Ubicado no porto de Vilagarcía.

Recursos docentes empregados na práctica diaria da aula e no espazo virtual do Cifp Fontecarmoa.

F. Criterios, instrumentos e procedementos de avaliación

F.1. Criterios

- UD1
  - Ca 1.4 Describíronse as características fundamentais do vento real, aparente velocidade, así como a deriva do barco e a súa composición.
  - Ca 1.5 Definíronse os conceptos equilibrio e goberno en embarcacións (táboa) a vela.
  - Ca 1.6 Xustificouse a importancia do sistema vento-vela-casco-auga na navegación con aparello fixo e libre.
- UD2.
  - Ca 2.5 Describíronse as escalas de Douglas e Beaufort.
  - Ca 2.8 Describíronse os fenómenos atmosféricos para o desenvolvemento dunha sesión de prácticas.
  - Ca 2.10 Identificouse a dirección e intensidade do vento, observando as características da auga e elementos da natureza.

F.2. Instrumentos de avaliación

As estratexias e instrumentos de avaliación deberán ser variados para facilitar o acceso o coñecemento da materia, debido as diferentes características do alumnado, sendo o seguimento individualizado do alumno e a observación directa e sistemática os instrumentos principais do proceso de avaliación do aprendizaxe.

- Rúbrica de corrección para os traballos

- Proba escrita final: Exame final con preguntas cortas, test, ou de desenvolvemento. Ademais dos traballos de aula.

Rúbrica corrección dos traballos

Valoración de cada apartado dos traballos

Cada un dos sub-apartados do documento será valorado utilizando a seguinte escala:

Valoración	Puntuación	Descrición
Ben	0,25	Contesta ao que se lle pide de forma correcta e completa.
Regular	0,15	Contesta ao que se lle pide pero presenta carencias técnicas ou se presenta de forma parcial.
Mal	0,05	Cita aspectos pero non desenvolve a totalidade do apartado e o contido está mal en liñas xerais.
Non presentado	0	Onite contestar o apartado e non se presenta

Categorias analizables na rúbrica:

1. Realización dun traballo seguindo as pautas presentadas polo profesor.
2. Utilización dunha linguaxe clara e correcta e unha terminoloxía específica.
3. Presentación e estruturación correcta do traballo.
4. Entrega na aula virtual ou no correo do profesor en tempo e forma (sinatura dixital do documento pdf).
5. Relación cos criterios de avaliación referenciados.

CATEGORÍA	1,5	1,00	0,5	0,25
	100 %	66 %	33 %	16 %
Contido 3	Bo dominio do tema, non comete erros, non dubida	Demostra un bo entendemento das partes do tema. Ideas fluidas, comete poucos erros.	Ten que facer algunhas rectificacións, e ten dúbidas en ocasións	Rectifica continuamente. O contido é mínimo, non mostra un coñecemento do tema.
Organización do información 1,5	A información está ben organizada, de forma clara e lóxica	A maior parte da información organízase de forma clara e lóxica pero algún fragmento está fóra de sitio	Non existe un plan claro para organizar a información, certa dispersión.	A información aparece dispersa e pouco organizada.
Estilo e presentación 1,5	Atrae atención do lector mantén o interese durante toda a exposición	Interesa bastante no principio pero é un pouco monótono	Cóstalle conseguir manter o interese do lector	Apenas usa recursos para manter a atención do lector.
Expresión escrita 1,5	Redacta claramente durante todo o traballo. Puntuación adecuada.	Redacta claramente durante a maior parte do traballo. Pero en ocasións realiza pausas inicesarias.	Algunhas veces redacta claramente durante o traballo. Pero utiliza frecuentemente uso de pausas innecesarias . Conxuga en infinitivo e non usa conectores.	Durante a maior parte do traballo non redacta claramente. Ritmo de lectura imposible. Moito ou pouco contido sen ordear. Parágrafos escasos ou moi densos.
Extensión 1,0	Axustado ao previsto. Ideas principais e ordem a coas conclusións.	Extensión axustada a premisa establecida.	Extensión non axustada. Un pouco curta ou longa.	Excesivamente longo ou insuficiente para desenvolver correctamente o tema
Soporte 1,5	A redación é acompaña de soportes visuais especialmente atractivos e de moita calidade (imaxes,	Soporte visuais adecuados pero pouco interesantes (imaxes, fotografías,...)	Soporte visuais adecuados pero pouco interesantes (imaxes, debuxos,...)	Soportes visuais inadecuados.

<u>Exame final</u>

Onde cada pregunta estará relacionada co resultado de aprendizaxe esperado do alumnado.

F3. Procedementos

Exame final e traballo por unidade didáctica. O procedemento do traballo só se contempla para a avaliación contínua, onde será aceptado como moito o 20% de asistencia na aula.

G. **Mínimos exixibles para conseguir unha avaliación positiva no módulo**
   1. Superación do exame final cunha calificación positiva, alo menos a metade do valor da proba.
   2. Entrega dos traballos de aula avaliables e superación dos mesmos.

H. Criterios de calificación do módulo

RA 1. Fundamenta a navegación a vela, describindo os principios básicos da navegación e relacionándoa cos sistemas vento-vela-casco-auga.
RA 2. Interpreta as condicións da área de navegación a vela, caracterizando os signos naturais e analizando as características hidrográficas dos diferentes tipos de medios acuáticos navegables, e interpretando a información de cartas náuticas e mapas meteorolóxicos.

Ca1. 1 Describíronse os principios físicos da mecánica de fluídos aplicables á navegación.
Ca1.2 Describíronse as características fundamentais do sistema vento-vela-casco (táboa)- auga.
Ca 1.3 Describíronse as características fundamentais das forzas de propulsión e o seu avance, así como a súa composición.
Ca1.4 Describíronse as características fundamentais do vento real, aparente velocidade, así como a deriva do barco e a súa composición.
Ca1.5 Definíronse os conceptos equilibrio e goberno en embarcacións (táboa) a vela.
Ca1.6 Xustificouse a importancia do sistema vento-vela-casco-auga na navegación con aparello fixo e libre.
Ca2.1 Aplicáronse os diferentes conceptos de presión, temperatura e humidade.
Ca 2.2 Describíronse as características de desprazamento e comportamento das masas de aire.
Ca2.3 Interpretáronse os datos dos instrumentos de medición, barómetro, termómetro, anemómetro e higrómetro.
Ca2.4 Describíronse a formación e características das ondas.
Ca2.5 Describíronse as escalas de Douglas e Beaufort.
Ca2.6 Explicáronse os conceptos básicos de correntes e mareas.
Ca2.7 Interpretáronse as táboas de mareas para o coñecemento das mareas.
Ca2.8 Describíronse os fenómenos atmosféricos para o desenvolvemento dunha sesión de prácticas.
Ca2.9 Describíronse os signos naturais que permiten predicir cambios do tempo meteorolóxico.
Ca2.10 Identificouse a dirección e intensidade do vento, observando as características da auga e elementos da natureza.
Ca2.11 Valorouse a importancia de revisar as condicións da área de práctica como factor de seguridade na navegación.

I. Medidas de atención á diversidade

A partir do coñecemento do grupo realizaranse as medidas necesarias en coordinación co departamento de orientación e con posta en coñecemento cona xefatura de departamento.

J. Procedementos e medidas para a recuperación do módulo

Proba final escrita.

K. Procedemento sobre o seguimento da programación e avaliación propia da práctica docente

- Na reunión mensual do equipo docente, baixo a coordinación do titor do grupo Iván Villar.
- Dentro do departamento da familia das actividades físicas, na reunión mensual baixo a dirección do xefe de departamento, Luís Garrigós.
- A través dos procedementos establecidos pola consellería de Educación, dentro de Educalidade, no rol de profesor.

2. Seguridade da navegación e conservación dos materiais.

A. Identificación do módulo.-
Med-veve 103 Seguridade da navegación e conservación dos materiais. Duración e tipo de sesións: (30 h. prácticas)

A.1.- Obxectivos xerais: E, F, H, I, J e Q.
A.2.- Competencias xerais: e, f, g, e o.

B. Concreción do currículo en relación coas características do alumnado e as posibilidades formativas do entorno.

O alumnado será capaz de gobernar embarcacións de lecer de ata 8 metros de eslora e potencia de motor adecuada, identificando as consdicións de seguridade da navegación e aplicando os procedementos de seguridade e rescate, así como coñecer os materiais básicos de construcción de embarcacións e a súa reperación.

C. Relación de unidades didácticas

A secuenciación dos resultados de aprendizaxe é a indicada na secuenciación da orde EDU/2449/2011, do 5 de setembro, pola que establece o currículo dos ciclos inicial e final de Grao Medio correspondentes aos títulos de Técnico Deportivo en vela con aparello fixo e Técnico Deportivo en vela con aparello libre.

- UD1.- A seguridade no manexo das embarcacións (14h.)

RA Gobernar embarcacións de windsurf e vela de ata 8 m. de eslora e potencia de motor adecuada á mesma sempre que a embarcación non se afaste máis de 5´, en calquera dirección, de un abrigo, demostrando o control da embarcación, describindo e aplicando as técnicas de mantemento e conservación do motor.

- UD2 O Rescate: equipo e persoas (6h.)

RA Intervir no rescate de persoas e embarcacións de aparello fixo e aparello libre en condicións propias de iniciación á vela, aplicando técnicas e protocolos de axuda e rescate.

- UD3.- O manexo básico e seguro das embarcacións (4 h.)

RA Identificar as condicións de seguridade da navegación, interpretando a normativa e aplicando os procedementos de seguridade e de respeto ao medioambente nas actividades de iniciación á navegación a vela con aparello fixo e aparello libre.

- UD4 A construcción naval (3 h.)

RA Seleccionar os materiais náuticos e embarcacións propias da iniciación deportiva a vela, describindo os principios básicos da construcción naval, identificando as características das embarcacións, componentes e materiais propios da vela con aparello fixo e aparello libre.

- UD5.- A estiba e transporte de equipamento náutico (3h.)

RA Almacenar, estibar e manter as embarcacións e materiais náuticos, identificando as condicións de almacenamento e transporte, aplicando as técnicas de mantemento adecuadas.

UD	Sesións por unidades horarias	Procedemento e porcentaxe na avaliación	Criterio Avaliación mínimo
A seguridade no manexo das embarcacións	14	Proba práctica 30%	Ca1.1, Ca1.4. e Ca1.10
O Rescate: equipo e persoas.	6	Proba práctica 30 %	Ca2.1, Ca2.4 e Ca2.7
O manexo básico e seguro das embarcacións	4	Exame final 10%	Ca3.4, Ca3.5 e Ca3.10
A construcción naval	3	Exame final 10%	Ca4.6, Ca4.7 e Ca4.8
A estiba e transporte de equipamento náutico	3	Exame final 10%	Ca5.1, Ca5.2 e Ca5.5
A avasliación contínua mantense con un máximo 20% de ausencia no horario do			

módulo, de faltas non xustificadas.

D. Metodoloxía

Participativa, con saídas e explicación ao grupo no mar. Usando diferentes estilos de ensinanza, debido ao carácter do práctico módulo. Con resolución de tarefeas prácticas na auga. Focalizando a actividade no garante da seguridade da labor profesional.

E. Espacios docentes e recursos

No Centro Galego de Vela (é parte do Centro Galego de Tecnificación), coa dirección: Rampa Cavadelo, s/n. Vilagarcía de Arousa, 36.600. Pontevedra.
Ubicado no porto de Vilagarcía.
Recursos docentes empregados na práctica diaria da aula e no espazo virtual do Cifp Fontecarmoa.

F. Criterios, instrumentos e procedementos de avaliación

F.1. Criterios

- UD1 A seguridade no manexo das embarcacións
  - Ca 1.1 Deseñouse a seguridade dun grupo de deportistas de iniciación, dependendo das súas características (número, idade, etc.) e as condicións de navegación en windsurf e 470.
  - Ca 1.4 Describíronse os pasos necesarios para asegurar as condicións do material antes de saír á auga.
  - Ca 1.10 Describiuse o sistema mundial de socorro e seguridade marítima.
- UD2. O Rescate: equipo e persoas
  - Ca 2.1 Explicouse e realizouse remolque de embarcacións tanto polo método de abarloadas, como en liña.
  - Ca 2.4 Realizouse a recuperación de barcos, tendo en conta se son solitarios, dobres ou colectivos.
  - Ca 2.7 Aplicáronse os protocolos de aproximación á embarcación desde a pneumática de seguridade, recollida de aparellos, amarre e remolque de embarcación, nun suposto práctico de rotura ou avaría.
- UD3 O manexo básico e seguro das embarcacións
  - Ca3.4 Explicouse o funcionamento das embarcacións de salvamento e os accesorios de seguridade que debe levar.
  - Ca3.5 Demostrouse o manexo dunha embarcación de salvamento: preparación para a posta en marcha, arranque, parada, avante e atrás, así como manobras de saída e entrada en praia, pantalán, rampla ou fondeadoiro.

- Ca3.10 Valorouse a importancia da mentalización do persoal técnico deportivo en todo o referente á seguridade.
- UD4 A construcción naval
  - Ca4.6 Identificáronse as pautas para a elaboración dunha memoria co tratamento da información xerada no proceso de avaliación, como guía das futuras actividades e competicións.
  - Ca4.7 Aplicáronse, en situacións prácticas, os instrumentos elaborados para a recollida de información en actividades e competicións de iniciación á vela con AF e AL.
  - Ca4.8 Identificouse a importancia da recollida sistemática de información das actividades e competicións, como base para a mellora permanente na organización e xestión de actividades.
- UD5 A estiba e transporte de equipamento náutico
  - Ca5.1 Describíronse os procedementos, materiais e ferramentas máis usuais na reparación de embarcacións de iniciación deportiva con AF e AL.
  - Ca5.2 Efectuáronse reparacións sinxelas, aplicando os materiais e ferramentas axeitadas.
  - Ca5.5 Realizáronse as accións de reparación das embarcacións e material auxiliar nun suposto práctico.

F.2. Instrumentos de avaliación

As estratexias e instrumentos de avaliación deberán ser variados para facilitar o acceso o coñecemento da materia, debido as diferentes características do alumnado, sendo o seguimento individualizado do alumno e a observación directa e sistemática os instrumentos principais do proceso de avaliación do aprendizaxe.

- Proabas prácticas
- Rúbrica de corrección para os traballos
- Proba escrita final: Exame final con preguntas cortas, test, ou de desenvolvemento. Ademais dos traballos de aula.

<u>**R**úbrica corrección dos traballos</u>

Valoración de cada apartado dos traballos

Cada un dos sub-apartados do documento será valorado utilizando a seguinte escala:

Valoración	Puntuación	Descrición
Ben	0,25	Contesta ao que se lle pide de forma correcta e completa.
Regular	0,15	Contesta ao que se lle pide pero presenta carencias técnicas ou se presenta de forma parcial.
Mal	0,05	Cita aspectos pero non desenvolve a totalidade do apartado e o contido está mal en liñas xerais.
Non presentado	0	Onite contestar o apartado e non se presenta

Categorias analizables na rúbrica:

1. Realización dun traballo seguindo as pautas presentadas polo profesor.
2. Utilización dunha linguaxe clara e correcta e unha terminoloxía específica.
3. Presentación e estruturación correcta do traballo.
4. Entrega na aula virtual ou no correo do profesor en tempo e forma (sinatura dixital do documento pdf).
5. Relación cos criterios de avaliación referenciados.

CATEGORÍA	1,5	1,00	0,5	0,25
	100 %	66 %	33 %	16 %
Contido 3	Bo dominio do tema, non comete erros, non dubida	Demostra un bo entendemento das partes do tema. Ideas fluidas, comete poucos erros.	Ten que facer algunhas rectificacións, e ten dúbidas en ocasións	Rectifica continuamente. O contido é mínimo, non mostra un coñecemento do tema.
Organización do información 1,5	A información está ben organizada, de forma clara e lóxica	A maior parte da información organízase de forma clara e lóxica pero algún fragmento está fóra de sitio	Non existe un plan claro para organizar a información, certa dispersión.	A información aparece dispersa e pouco organizada.
Estilo e presentación 1,5	Atrae atención do lector mantén o interese durante toda a exposición	Interesa bastante no principio pero é un pouco monótono	Cóstalle conseguir manter o interese do lector	Apenas usa recursos para manter a atención do lector.
Expresión escrita 1,5	Redacta claramente durante todo o traballo. Puntuación adecuada.	Redacta claramente durante a maior parte do traballo. Pero en ocasións realiza pausas inicesarias.	Algunhas veces redacta claramente durante o traballo. Pero utiliza frecuentemente uso de pausas innecesarias . Conxuga en infinitivo e non usa conectores.	Durante a maior parte do traballo non redacta claramente. Ritmo de lectura imposible. Moito ou pouco contido sen ordear. Parágrafos escasos ou moi densos.
Extensión 1,0	Axustado ao previsto. Ideas principais e ordem a coas conclusións.	Extensión axustada a premisa establecida.	Extensión non axustada. Un pouco curta ou longa.	Excesivamente longo ou insuficiente para desenvolver correctamente o tema
Soporte 1,5	A redación é acompaña de soportes visuais especialmente atractivos e de moita calidade (imaxes,	Soporte visuais adecuados pero pouco interesantes (imaxes, fotografías,...)	Soporte visuais adecuados pero pouco interesantes (imaxes, debuxos,...)	Soportes visuais inadecuados.

Exame final

Onde cada pregunta estará relacionada co resultado de aprendizaxe esperado do alumnado.

F3. Procedementos

Probas prácticas no mar, Exame final e traballo en certas unidades didácticas (1 e 2). O procedemento do traballo só se contempla para a avaliación contínua, onde será aceptado como moito o 20% de asistencia na aula.

G. Mínimos exixibles para conseguir unha avaliación positiva no módulo

Superación das probas prácticas de remolque e goberno das embarcacións, rescate de persoa náufraga dende embarcación a motor, a vela e dende unha táboa.
Superación positiva, alomenos a calificación de cinco no exame e os traballos.

H. Criterios de calificación do módulo

RA1. Identifica as condicións de seguridade da navegación, interpretando a normativa e aplicando os procedementos de seguridade e de respecto ambiental nas actividades de iniciación á navegación a vela en aparello fixo e libre. En aparello fixo se utilizarán os 470 e en aparello libre o windsurf.

Ca1.1 Deseñouse a seguridade dun grupo de deportistas de iniciación, dependendo das súas características (número, idade, etc.) e as condicións de navegación en windsurf e 470.

Ca1.2 Estableceuse o equipamento persoal básico segundo distintas condicións meteorolóxicas e de navegación.

Ca 1.3 Identificouse na carta o porto de saída e arribada, así como a ruta que se vaia realizar, ou punto praia.

Ca1.4 Describíronse os pasos necesarios para asegurar as condicións do material antes de saír á auga.

Ca1.5 Describíronse as normas de seguridade, de prevención de caídas á auga e abandono das embarcacións do Ministerio de Fomento-Mariña Mercante, para embarcacións de recreo.

Ca1.6 Aplicáronse, en situacións simuladas, os sinais de perigo prescritos no Regulamento internacional para previr as abordaxes (RIPA).

Ca1.7 Utilizáronse as normas de balizamento de portos, praias, entradas e saídas do Ministerio de Fomento (Mariña Mercante), para garantir a seguridade dos/as usuarios/as das praias.

Ca1.8 Describíronse os procedementos de activación dos medios de salvamento en caso de urxencia, establecidos polo Ministerio de Fomento (Mariña Mercante).

Ca1.9 Describíronse as recomendacións de Salvamento Marítimo con respecto á protección do medio.

Ca1.10 Describiuse o sistema mundial de socorro e seguridade marítima.

Ca1.11 Aplicáronse as normas de transmisión e recepción de mensaxes, así como os equipos de comunicación para as embarcacións de recreo.

RA 2. Intervén no rescate de persoas e embarcacións de AF e AL en condicións propias da iniciación á vela, aplicando as técnicas e protocolos de axuda e rescate.

Ca2.1 Explicouse e realizouse remolque de embarcacións tanto polo método de abarloadas, como en liña.

Ca 2.2 Explicouse e realizouse remolque dunha soa embarcación ou de varias á vez. Ca 2.3 Explicáronse as distintas técnicas de recuperación de barcos, tendo en conta se son solitarios, dobres ou colectivos.

Ca 2.4 Realizouse a recuperación de barcos, tendo en conta se son solitarios, dobres ou colectivos.

Ca 2.5 Realizouse o endereitamento da embarcación envorcada, desde o barco de seguridade, tendo en conta se a embarcación estaba boca abaixo ou non, se ten orza ou non, ou se cravou o pau no fondo ou non.

Ca 2.6 Nun suposto práctico explicouse e realizouse o rescate dunha táboa.

Ca 2.7 Aplicáronse os protocolos de aproximación á embarcación desde a pneumática de seguridade, recollida de aparellos, amarre e remolque de embarcación, nun suposto práctico de rotura ou avaría.

Ca 2.8 Describíronse e aplicáronse os protocolos de aproximación e recuperación dun home á auga, desde unha embarcación a vela, nun suposto práctico.

Ca 2.9 Describíronse e aplicáronse os protocolos de aproximación e recuperación dun home á auga, desde unha embarcación de seguridade, nun suposto práctico.

Ca 2.10 Valorouse a importancia da mentalización do persoal técnico deportivo en todo o referente á seguridade.

Ca 2.11 Explicáronse e recoñecéronse as marcas laterais, de perigo illado, especiais, de augas navegables e cardinais.

RA 3. Goberna embarcacións de recreo de ata 8 metros de eslora e potencia de motor axeitada a ela, sempre que a embarcación non se afaste máis de 5 millas, en calquera dirección, dun abrigo, demostrando o control da embarcación, describindo e aplicando as técnicas de mantemento e conservación do motor.

Ca3.1 Explicouse o funcionamento xeral dun motor de explosión de 2 e 4 tempos e un motor diésel de 2 e 4 tempos.

Ca3.2 Explicáronse as diferenzas entre os motores de explosión e os motores diésel.

Ca3.3 Explicáronse as partes principais dos motores: bloque, culata, cárter, cilindro e camisa, émbolo, biela, cegoñal, válvulas, eixo de levas, volante, bancada.

Ca3.4 Explicouse o funcionamento das embarcacións de salvamento e os accesorios de seguridade que debe levar.

Ca3.5 Demostrouse o manexo dunha embarcación de salvamento: preparación para a posta en marcha, arranque, parada, avante e atrás, así como manobras de saída e entrada en praia, pantalán, rampla ou fondeadoiro.

Ca3.6 Explicouse o funcionamento dos sistemas eléctricos.

Ca3.7 Realizouse o cálculo da autonomía dunha embarcación de recreo de motor. Ca3.8 Demostrouse o manexo de chalecos salvavidas, extintores, bengalas e espello de sinais.

Ca3.9 Realizáronse exercicios de conservación e mantemento de motores: carburación, inxección, acendido, refrixeración, lubricación e invernaxe, cambio de buxías, filtros, niveis de aceite.

Ca3.10 Explicouse as atribucións que ten o título de patrón de navegación básica.

RA 4. Selecciona os materiais náuticos e embarcacións propias da iniciación deportiva a vela, describindo os principios básicos da construción naval, identificando as características das embarcacións, compoñentes e materiais propios da vela con AF e AL.

Ca4.1 Explicáronse os principios básicos da construción naval e as forzas que actúan sobre eles.

Ca4.2 Explicáronse os diferentes materiais e procedementos básicos de construción naval, as súas características e a súa utilización.

Ca4.3 Describíronse os tipos de velas, cometas e os materiais de construción.

Ca4.4 Diferenciouse entre arboradura e enxarcia, describindo a tipoloxía dos materiais.

Ca4.5 Describíronse e aplicáronse os criterios de comprobación do estado dos materiais de iniciación deportiva á vela con AF e AL.

Ca4.6 Valorouse a importancia da comprobación do estado do material como acción previa á navegación.

Ca4.7 Describíronse os tipos de embarcacións utilizados na iniciación á vela con AF e AL.

Ca4.8 Explicouse a utilización dos diferentes tipos de embarcacións da iniciación desde un punto de vista didáctico e de formación.

Ca4.9 Explicáronse as diferentes partes dun cabo.

RA5. Almacena, estiba e mantén as embarcacións e materiais náuticos, identificando as condicións de almacenamento e transporte, aplicando as técnicas de mantemento axeitadas.

Ca5.1 Describíronse os procedementos, materiais e ferramentas máis usuais na reparación de embarcacións de iniciación deportiva con AF e AL.

Ca5.2 Efectuáronse reparacións sinxelas, aplicando os materiais e ferramentas axeitadas.

Ca5.3 Realizáronse as técnicas de mantemento básicas das embarcacións.

Ca5.4 Describíronse os criterios de almacenaxe en función da súa tipoloxía e lugar de almacenaxe.

Ca5.5 Realizáronse as accións de reparación das embarcacións e material auxiliar nun suposto práctico.

Ca5.6 Realizáronse as accións de carga das embarcacións e material auxiliar nun suposto práctico.

Ca5.7 Describiuse a normativa de aplicación no transporte de embarcacións.

Ca5.8 Describiuse a normativa ambiental de aplicación aos procedementos de uso e eliminación dos materiais de reparación.

Ca5.9 Argumentouse a importancia do respecto aos procedementos de reparación para a seguridade persoal e ambiental.

Ca5.10 Describíronse as características básicas das instalacións náuticas.

I.Medidas de atención á diversidade

A partir do coñecemento do grupo realizaranse as medidas necesarias en coordinación co departamento de orientación e con posta en coñecemento cona xefatura de departamento.

J. Procedementos e medidas para a recuperación do módulo

Proba final escrita.

K. Procedemento sobre o seguimento da programación e avaliación propia da práctica docente

- Na reunión mensual do equipo docente, baixo a coordinación do titor do grupo Iván Villar.
- Dentro do departamento da familia das actividades físicas, na reunión mensual baixo a dirección do xefe de departamento, Luís Garrigós.
- A través dos procedementos establecidos pola consellería de Educación, dentro de Educalidade, no rol de profesor.

3. Metodoloxía da vela e a iniciación á competición.

A. Identificación do módulo.-
Med-veve 104 Metodoloxía da vela e a iniciación á competición. Duración e tipos de sesións: (25 h. teóricas)

Obxectivos xerais: B, C, D, K, L e M.
Competencias xerais: b, c, d, h, i, j, k e l.

B. Concreción do currículo en relación coas características do alumnado e as posibilidades formativas do entorno.

O alumnado será capaz de dirixir ao deportista concretando e organizando sesións de iniciación, colaborando na organización das mesmas.

C. Relación de unidades didácticas

- UD1.- A programación das sesións de iniciación (8h.)

- Ra Concreta o programa de referencia e organiza sesións de iniciación á vela con AF e AL, interpretando a programación de referencia, identificando as características das sesións, elaborando e caracterizando as secuencias da aprendizaxe.

- UD2.- Diferentes propostas metodolóxicas (7h.)
  - Dirixe os/as deportistas en sesións de iniciación deportiva á vela con AF e AL, describindo e aplicando procedementos de control, organización e dinamización e modelos de relación do persoal técnico cos/coas deportistas do seu equipo.
- UD3.- A ensinanza das reglas (5 h.)
  - Valora a técnica de navegación en vela con embarcacións de AF e AL, describindo as etapas de adquisición da técnica e as características da aprendizaxe destas, aplicando técnicas de observación, elaborando instrumentos de observación, identificando os erros má
- UD4.- Observando na vela (2h.)
  - Colabora na recollida de información do proceso de iniciación á vela e á competición con AF e AL identificando as características da información e dos instrumentos de avaliación máis axeitados, utilizando procedementos para a súa obtención ao longo da actividade.
- UD5.- Guíar nas primeiras regatas (2h.)
  - Acompaña os/as deportistas na navegación e en competicións de iniciación a vela con AF e AL, interpretando a normativa básica aplicable a ambas as situacións, identificando as características da competición e os requisitos de inscrición.
- UD6.- Organiza unha regata (1h.)
  - Colabora na organización de eventos e actividades de iniciación á vela con AF e AL, describindo e analizando os requisitos materiais e humanos necesarios.

UD	Sesións por unidades horarias	Procedemento e porcentaxe na avaliación	Criterio Avaliación mínimo
A programación das sesións de iniciación	8	Exame final 30%	Ca1.3, Ca1.5. e Ca1.6
Diferentes propostas metodolóxicas .	7	Exame final 30 %	Ca2.2, Ca2.6 e Ca2.9
A ensinanza das reglas	5	Exame final 10%	Ca3.2, Ca3.6 e Ca3.7
Observando na vela	2	Exame final 10%	Ca4.1, Ca4.2 e Ca4.10

Guíar nas primeiras regatas	2	Exame final 10%	Ca5.1, Ca5.4 e Ca5.5
Organiza unha regata	1	Exame final 10%	Ca6.3, Ca6.4. e Ca6.7
A avasliación contínua mantense con un máximo 20% de ausencia no horario do módulo, de faltas non xustificadas.			

D. Metodoloxía

Participativa, con saídas e explicación ao grupo aula. Usando diferentes estilos de ensinanza, debido ao carácter do módulo. Con resolución de tarefeas prácticas na aula.

E. Espacios docentes e recursos

No Centro Galego de Vela (é parte do Centro Galego de Tecnificación), coa dirección: Rampa Cavadelo, s/n. Vilagarcía de Arousa, 36.600. Pontevedra.
Ubicado no porto de Vilagarcía.
Recursos docentes empregados na práctica diaria da aula e no espazo virtual do Cifp Fontecarmoa.

F. Criterios, instrumentos e procedementos de avaliación

F.1. Criterios de avaliación

- UD1.- A programación das sesións de iniciación
  - Ca1.3. Describíronse as características dun estándar técnico en canto a obxectivos que se deben conseguir en navegación deportiva a vela no nivel de iniciación.
  - Ca1.5. Establecéronse as secuencias da aprendizaxe relacionadas con estándares de navegación deportiva a vela no nivel de iniciación á vela con AF e AL.
  - Ca1.6. Concretáronse xogos ou actividades náutico-recreativas relacionados con estándares de navegación deportiva a vela no nivel de iniciación á vela con AF e AL.
- UD2.- Diferentes propostas metodolóxicas
  - Ca2.2 Describíronse as técnicas básicas de: organización, distribución na área de navegación e de seguridade, dunha sesión práctica de iniciación á vela con AF e AL.
  - Ca2.6 Describíronse as continxencias máis probables nunha sesión de iniciación deportiva á vela con aparello fixo e libre.
  - Ca2.9 Describíronse as funcións do persoal técnico de iniciación, no desenvolvemento da sesión nesta etapa.

- UD3.- A ensinanza das reglas
  - Ca3.2. Describíronse os procedementos de observación da técnica na iniciación á vela con AF e AL.
  - Ca3.6. Explicáronse os erros tipo nas técnicas da etapa de iniciación deportiva, utilizando un inventario de técnicas básicas.
  - Ca3.7. Relacionáronse as tarefas de corrección, cos erros típicos na execución de estándares de navegación a vela con AF e AL.
- UD4.- Observando na ensinanza e regata
  - Ca4.1 Identificáronse os parámetros que describe o desenvolvemento das sesións e competicións de iniciación á vela en AF e AL e que son susceptibles de valoración.
  - Ca4.2. Describíronse procedementos de valoración e control do proceso de ensino-aprendizaxe na iniciación á navegación a vela e á competición con AF e AL.
  - Ca4.10 Xustificouse a importancia da imaxe e o comportamento do persoal técnico á hora de transmitir actitudes de seguridade e respecto ambiental.
- UD5.- Guíar nas primeiras regatas
  - Ca5.1 Describíronse as funcións básicas dos distintos comités (xuíces/xuízas, oficiais, árbitros e medidores/as) no desenvolvemento dunha regata.
  - Ca5.4 Aplicouse correctamente o contido das regras da parte 1 e 2 do Regulamento de regatas de vela, nunha situación simulada.
  - Ca5.5 Explicouse o uso das «Sinais de regata» descrito no RRV.
- UD6.- Organiza unha regata
  - Ca6.3 Establecéronse as características dun campo de prácticas para a realización de eventos ou competicións de iniciación á vela con AF e AL.
  - Ca6.4 Describíronse os criterios para o fondeo de forma eficaz, sen garrear, de embarcacións e balizas en diferentes condicións meteorolóxicas.
  - Ca6.7 Describíronse os horarios da competición, a inscrición para os/as participantes, a elaboración e comunicación de resultados, así como o protocolo para o acto de entrega de trofeos.

F.2. Instrumentos de avaliación

Proba escrita en formato de preguntas cortas, test ou de desenvolvemento.

F.3. Procedementos de avaliación

Avaliación final ordinaria.

G. Mínimos exixibles para conseguir unha avaliación positiva no módulo

Superación positiva, alomenos a calificación de cinco no exame ou proba escrita.

H. Criterios de calificación do módulo

RA 1. Concreta o programa de referencia e organiza sesións de iniciación á vela con AF e AL, interpretando a programación de referencia, identificando as características das sesións, elaborando e caracterizando as secuencias da aprendizaxe.

Ca1.1. Describíronse as etapas do ensino da técnica de iniciación de navegación con AF e AL.
Ca1.2. Explicouse en que consiste o ensino por estándares e en que circunstancia debe aplicarse.
Ca1.3. Describíronse as características dun estándar técnico en canto a obxectivos que se deben conseguir en navegación deportiva a vela no nivel de iniciación.
Ca1.4. Describíronse estándares técnicos dun programa do proceso de iniciación deportiva á vela con AF e AL, en canto a condicións meteorolóxicas, medios que se utilicen e a relación entre eles.
Ca1.5. Establecéronse as secuencias da aprendizaxe relacionadas con estándares de navegación deportiva a vela no nivel de iniciación á vela con AF e AL.
Ca1.6. Concretáronse xogos ou actividades náutico-recreativas relacionados con estándares de navegación deportiva a vela no nivel de iniciación á vela con AF e AL.
Ca1.7. Describíronse as características dunha sesión tipo de iniciación á navegación deportiva a vela en AF e AL.
Ca1.8. Concretáronse os obxectivos operativos da sesión nun suposto práctico de estándar de navegación no nivel de iniciación á vela con AF e AL.
Ca1.9. Valorouse a importancia da preparación de sesións atendendo ao programa de referencia como elemento de calidade da iniciación á vela.

Ca1.10 Concretáronse na programación os principios básicos-teóricos da navegación a vela relacionados cos obxectivos da iniciación deportiva a vela con AF e AL.

RA 2. Dirixe os/as deportistas en sesións de iniciación deportiva á vela con AF e AL, describindo e aplicando procedementos de control, organización e dinamización e modelos de relación do persoal técnico cos/coas deportistas do seu equipo.

Ca2.1 Describíronse as características do escenario da aprendizaxe: en terra e na auga.
Ca2.2 Describíronse as técnicas básicas de: organización, distribución na área de navegación e de seguridade, dunha sesión práctica de iniciación á vela con AF e AL.
Ca2.3 Explicouse como exercer o control do grupo, unindo e dinamizando a actividade de vela.
Ca2.4 Describiuse a colocación do persoal técnico durante o desenvolvemento da actividade que facilite a percepción e compresión das súas indicacións.
Ca2.5 Estableceuse a colocación do persoal técnico durante o desenvolvemento da

sesión que permita a constante visualización da zona de navegación e dos/as usuarios/as.
Ca2.6 Describíronse as continxencias máis probables nunha sesión de iniciación deportiva á vela con aparello fixo e libre.
Ca2.7 Describíronse e aplicáronse as medidas de control máis usuais para previr riscos no desenvolvemento da sesión de iniciación deportiva á vela con aparello fixo e libre.
Ca2.8 Describíronse os tipos de reforzo e coñecemento dos resultados utilizados na iniciación á vela con AF e AL.
Ca2.9 Describíronse as funcións do persoal técnico de iniciación, no desenvolvemento da sesión nesta etapa.
Ca2.10 Valorouse a iniciativa á hora de concretar e organizar as sesións de iniciación.

RA 3. Valora a técnica de navegación en vela con embarcacións de AF e AL, describindo as etapas de adquisición da técnica e as características da aprendizaxe destas, aplicando técnicas de observación, elaborando instrumentos de observación, identificando os erros máis usuais nesta etapa e relacionando os erros coas tarefas de corrección máis habituais.

Ca3.1. Explicáronse as técnicas de valoración polo sistema de controis e efectos, recoñecendo a evolución dos/as alumnos/as no coñecemento, a comprensión e a aprendizaxe dos xestos técnicos.
Ca3.2. Describíronse os procedementos de observación da técnica na iniciación á vela con AF e AL.
Ca3.3. Identificáronse os instrumentos de recollida e rexistro de datos da execución técnica de estándares propios da iniciación á vela con AF e AL.
Ca3.4. Interpretáronse os informes técnicos realizados identificando as características da etapa da iniciación.
Ca3.5. Realizouse un informe estandarizado sobre a execución práctica de estándares de navegación a vela con AF e AL, tendo en conta as áreas de avaliación.
Ca3.6. Explicáronse os erros tipo nas técnicas da etapa de iniciación deportiva, utilizando un inventario de técnicas básicas.
Ca3.7. Relacionáronse as tarefas de corrección, cos erros típicos na execución de estándares de navegación a vela con AF e AL.
Ca3.8. Observouse a execución técnica do/a deportista, avaliando os erros e propondo solucións.
Ca3.9. Interiorizouse a necesidade de informar os/as alumnos/as sobre os erros cometidos como factor de mellora da técnica de navegación a vela con AF e AL.

RA 4. Colabora na recollida de información do proceso de iniciación á vela e á competición con AF e AL identificando as características da información e dos instrumentos de avaliación máis axeitados, utilizando procedementos para a súa obtención ao longo da actividade.

Ca4.1 Identificáronse os parámetros que describe o desenvolvemento das sesións e competicións de iniciación á vela en AF e AL e que son susceptibles de valoración.
Ca4.2. Describíronse procedementos de valoración e control do proceso de ensino-aprendizaxe na iniciación á navegación a vela e á competición con AF e AL.
Ca4.3 Describíronse os instrumentos de recollida da información sobre os aspectos que se deben valorar nunha sesión e competición de iniciación á vela con AF e AL.
Ca4.4 Describíronse as características dos instrumentos utilizados para a recollida de información sobre o grao de satisfacción dos/as participantes e o desenvolvemento da actividade.
Ca4.5 Describíronse as características dun informe que recolla a información sobre o desenvolvemento dunha sesión e competición de iniciación á vela con AF e AL.
Ca4.6 Identificáronse as pautas para a elaboración dunha memoria co tratamento da información xerada no proceso de avaliación, como guía das futuras actividades e competicións.
Ca4.7 Aplicáronse, en situacións prácticas, os instrumentos elaborados para a recollida de información en actividades e competicións de iniciación á vela con AF e AL.
Ca4.8 Identificouse a importancia da recollida sistemática de información das actividades e competicións, como base para a mellora permanente na organización e xestión de actividades.
Ca4.9 Valorouse o grao de participación dos/as alumnos/as e o aproveitamento do tempo de práctica como factor de calidade das actividades de iniciación á navegación a vela e á competición.
Ca4.10 Xustificouse a importancia da imaxe e o comportamento do persoal técnico á hora de transmitir actitudes de seguridade e respecto ambiental.

RA5. Acompaña os/as deportistas na navegación e en competicións de iniciación a vela con AF e AL, interpretando a normativa básica aplicable a ambas as situacións, identificando as características da competición e os requisitos de inscrición.

Ca5.1 Describíronse as funcións básicas dos distintos comités (xuíces/xuízas, oficiais, árbitros e medidores/as) no desenvolvemento dunha regata.
Ca5.2 Recoñeceuse e aplicouse correctamente o contido da Guía federativa anual, no relativo ao regulamento de competicións e licenzas.
Ca5.3 Enumeráronse as partes do Regulamento de regatas a vela (RRV), describindo o seu contido, así como as definicións.

Ca5.4 Aplicouse correctamente o contido das regras da parte 1 e 2 do Regulamento de regatas de vela, nunha situación simulada.
Ca5.5 Explicouse o uso das «Sinais de regata» descrito no RRV.
Ca5.6 Describíronse as características das clases recoñecidas pola RFEV.
Ca5.7 Valorouse a importancia dunha aplicación obxectiva da normativa básica utilizada na iniciación á competición de vela con AF e AL.
Ca5.8 Valorouse a importancia de que o comportamento dos/as deportistas axústese ao principio básico de deportividade descrito no RRV.

RA6. Colabora na organización de eventos e actividades de iniciación á vela con AF e AL, describindo e analizando os requisitos materiais e humanos necesarios.

Ca6.1 Describíronse os tipos de competicións apropiadas a esta iniciación á competición, os seus formatos e percorridos.
Ca6.2 Describiuse a relación de material necesario para a realización dunha regata ou evento de iniciación á vela con AF e AL.
Ca6.3 Establecéronse as características dun campo de prácticas para a realización de eventos ou competicións de iniciación á vela con AF e AL.
Ca6.4 Describíronse os criterios para o fondeo de forma eficaz, sen garrear, de embarcacións e balizas en diferentes condicións meteorolóxicas.
Ca6.5 Aplicáronse, nunha situación practica, os contidos do anuncio e instrucións de regata.
Ca6.6 Describíronse as canles de información axeitados para facer chegar a información os/as deportistas, nunha regata ou evento de iniciación á vela con AF e AL.
Ca6.7 Describíronse os horarios da competición, a inscrición para os/as participantes, a elaboración e comunicación de resultados, así como o protocolo para o acto de entrega de trofeos.
Ca6.8 Describíronse os compoñentes: do Comité de regatas, de protestas, xuíces/xuízas, oficiais.
Ca6.9 Valorouse a importancia da colaboración na organización de eventos e actividades de iniciación á vela.

I. Medidas de atención á diversidade

A partir do coñecemento do grupo realizaranse as medidas necesarias en coordinación co departamento de orientación e con posta en coñecemento co xefe de departamento.

J. Procedementos e medidas para a recuperación do módulo

Proba final escrita.

K. Procedemento sobre o seguimento da programación e avaliación propia da práctica docente

- Na reunión mensual do equipo docente, baixo a coordinación do titor do grupo Iván Villar.
- Dentro do departamento da familia das actividades físicas, na reunión mensual baixo a dirección do xefe de departamento, Luís Garrigós.
- A través dos procedementos establecidos pola consellería de Educación, dentro de Educalidade, no rol de profesor.